



RECOMENDACIONES XERAIS PARA EVITAR ROUBOS EN VIVENDAS

- Comprobe que portas e xanelas están ben pechadas.
- Peche a porta sempre usando a chave, non só co pasador, posto que así poden abrirse facilmente.
- Instale na súa vivenda unha porta blindada. Se a súa porta non é blindada, procure que teña, polo menos, dous puntos de peche, e que non exista oco entre a porta e o chan. Reforce a parte das bisagras con pivotes de aceiro e ángulos metálicos que impidan apalancar a porta. Instale mirillas panorámicas.
- Valore a posibilidade de instalar dispositivos electrónicos de alarma.
- Non deixe nunca as chaves escondidas na caixa de correos, macetas, caixa de contadores, etc., xa que poden ser localizadas con relativa facilidade polos ladróns.
- Non deixe as persianas completamente pechadas, é un signo evidente de ausencia.
- Se vive fóra do centro urbano unha boa iluminación exterior e un can, convenientemente adestrado, son útiles medidas de disuasión.
- Non durma coas xanelas abertas se non conta con medidas de seguridade.
- Deixe roupa tendida en caso de ausencias que non sexan moi prolongadas.
- Non desconecte totalmente a electricidade. O timbre da porta desconectado é un indicio de ausencia.
- Non deixe diñeiro, xoias nin obxectos valiosos no domicilio.
- Non deixe obxectos de certo valor en terrazas sen cerramento.
- Anote o número de serie dos electrodomésticos, aparellos de fotografía, vídeo e similares.
- Fotografe as xoias e outros obxectos valiosos.
- Non comente a súa ausencia nin a súa duración con descoñecidos, nin deixe mensaxes avisando da mesma no contestador.
- En ausencias prolongadas pida a un veciño que colabore con vostede por medio da recollida do correo, comprobación do estado da vivenda, acceso ocasional dalgunha luz, conexión de radio ou o televisor, etc. Deixe un teléfono para que lle localicen en caso de emerxencia.
- Non abra mediante o porteiro automático a descoñecidos. Compromete a súa seguridade e a dos seus veciños. Os vendedores, operarios de servizos de auga, electricidade, gas, teñen obrigaçión de acreditarse e vostede pode verificalo telefonicamente. Se no cartón do empregado figura un número que non é o oficial, desconfíe.
- Faga unha boa elección dos empregados de servizo doméstico. Se estas persoas tiveron acceso ás chaves de entrada á vivenda, ao cesar nos seus servizos, cambie os bombins.
- En prazas de garaxe comunitarias, onde o peche da porta acciónase por medio dun temporizador, espere ata que se pechou para evitar que algunha persoa aproveite para entrar.
- Non concerta citas na vivenda con persoas descoñecidas, especialmente se o contacto se estableceu mediante teléfono, Internet, ou outro medio que facilite o anonimato.
- Ante a presenza de marcas nas portas ou portais, ou ruidos non habituais en casas desocupadas, avise ao Corpo de Seguridade competente na zona, se é a Garda Civil chame ao teléfono 062 ou en calquera caso ao 112. Lembre tomar nota de calquera cousa ou vehículo sospeitoso.
- Se o piso foi comprado a outro propietario, ou se é de nova construción e tiveron acceso varias persoas, é aconsellable cambiar o bombin da fechadura.
- Antes de abandonar a vivenda comprobe a presenza de calquera persoa que non inspire confianza.
- Anote os datos dos vehículos e/ou persoas que merodean polos arredores da vivenda.
- É conveniente contratar un seguro, especialmente en caso de ter obxectos de valor.
- Manteña a calma e non entre na vivenda nin toque ou mova nada que puidese ser manipulado polos ladróns.
- Avise ao Corpo de Seguridade competente na zona, se é a Garda Civil chame ao teléfono 062 ou en calquera caso ao 112.
- Ao formular a denuncia presente documentos justificativos dos obxectos roubados, como facturas, fotografías, etc.